



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en realización e plans de obra.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en análise e control.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior, correspondente ao título de técnico superior en aloxamento.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se designan membros do padroado da Fundación Semana Verde de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a retrocesión á Tesouraría Xeral da Seguridade Social do antigo centro de saúde no termo municipal de Betanzos (A Coruña).



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe sobre sinistralidade viaria en Galicia.



A XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia (COETFG), que pretenden regular a actividade e funcionamento do Colexio, así como regular os dereitos e deberes dos profesionais colexiados.

Os estatutos recoñecen que o COETFG ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e para o exercicio das súas facultades, gozando do rango e preeminencia das corporacións de dereito público para todos os efectos civís e administrativos.

Os estatutos establecen que o COETFG agrupará obrigatoriamente a todos os titulados, axudantes e peritos de montes así como enxeñeiros técnicos forestais no exercicio da súa profesión, con título oficial recoñecido polo Estado. Estes profesionais deberán proceder de centros docentes creados ou igualmente recoñecidos polo Estado ou polas comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias, xa fosen públicos ou privados. O COETFG tamén acollerá os enxeñeiros con título estranxeiro homologado ou equiparable ao de enxeñeiro técnico forestal. Así mesmo, poderán integrarse outros enxeñeiros de segundo ciclo cando os seus títulos inclúan campos da enxeñería técnica forestal. Todos estes profesionais pasarán a ser colexiados de número do COETFG.

Ademais os estatutos recoñecen a existencia de colexiados de honra, aquelas persoas que presten servizos en favor da profesión, sexan ou non enxeñeiros técnicos forestais. Tamén o título de colexiado de honra ou medalla de honra en función do maior ou menor grao do seu mérito, respectivamente.

En calquera caso, regulan a forma de colexiarse e os dereitos e deberes dos colexiados, así como establecen un réxime disciplinario con sancións para as infraccións dos estatutos e recompensas honoríficas.

Os estatutos establecen os fins e funcións do COETFG, entre os que se atopa a participación nos consellos, comisións técnicas ou organismos consultivos das administracións públicas; a cooperación coa Administración de Xustiza e os demais organismos oficiais na designación de colexiados para realizar informes, ditames, taxacións, peritaxes ou outras actividades profesionais; a participación na elaboración dos plans de estudos das escolas universitarias de enxeñeiros técnicos forestais e a defensa da profesión e dos colexiados fronte o intrusismo profesional.



En canto á organización do Colexio, os estatutos ditan que debe ter os seguintes órganos: Asemblea Xeral, ocuparase dos asuntos económicos, a regulación da deontoloxía profesional e a reforma dos estatutos, entre outros; Xunta de Goberno, coordinará os colexiados; órgano presidencia que será o Decano do Colexio, entre as súas funcións destaca a de lexitimar coa súa sinatura os libros de contabilidade e calquera outro documento de natureza oficial; e por último, asembleas provinciais compostas por todos os colexiados da demarcación e presididas polos delegados provinciais.

Os estatutos tamén regulan as bases do réxime electoral para a elección dos membros da Xunta de Goberno, entre os colexiados residentes en Galicia, que desenvolverán o seu cargo por un período de catro anos aínda que poderán ser reelixidos unha ou varias veces.

Fundación Semana Verde de Galicia

Así mesmo, o Consello designou como membros do padroado da Fundación Semana Verde de Galicia o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o secretario xeral da mesma consellería, o director do IGAPE, o director da Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial do IGAPE, o director xeral para o Deporte, e o director xeral de Turismo.



APROBADOS OS DECRETOS CURRICULARES DOS CICLOS FORMATIVOS SUPERIORES DE ALOXAMENTO, ANÁLISE E CONTROL E REALIZACIÓN E PLANS DE OBRA

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondentes aos títulos de técnicos superiores en aloxamento, en análise e control e en realización e plans de obra.

Mediante o establecemento do currículo do ciclo formativo correspondente ao título de técnico superior en aloxamento preténdese facilitar a formación de especialistas coa cualificación axeitada para administrar a área de aloxamento, a partir dos obxectivos xerais do establecemento, asegurando a acollida e a atención do cliente, así como a correcta prestación dos servizos da área.

Para obter a formación axeitada para o desenvolvemento destas tarefas, os alumnos que sigan estes estudos deberán completar un total de dez módulos que supoñen 905 horas de formación no centro educativo e 440 de prácticas en centros de traballo. En canto aos módulos que se impartirán no centro educativo, abordarán materias como a recepción e atención ao cliente (130 horas), a rexedoría de pisos (110 horas), a organización e control de aloxamento (130 horas), e a comercialización de produtos e servizos turísticos (110 horas). Así mesmo, os alumnos deberán cursar dous módulos, de 130 horas cada un, de lingua estranxeira (inglés) e segunda lingua estranxeira, e outro de 55 horas sobre as relacións no contorno de traballo. Ademais, o currículo recolle un módulo profesional de proxecto integrado, que ten unha duración de 55 horas.

Por outra banda, o módulo de formación en centros de traballo capacitará os alumnos para organizar e xestionar o servizo de recepción, conserxaría e comunicacións do establecemento hoteleiro, ao tempo que lles permitirá responsabilizarse da súa decoración e a ambientación. Pola súa vez, os alumnos deste ciclo formativo estarán capacitados, unha vez rematados os estudos, para comunicarse polo menos en dúas linguas estranxeiras con clientes e co persoal de canles de distribución.

Técnico superior en análise e control

O ciclo formativo distribúese en oito módulos e capacitará os alumnos para exercer a súa actividade profesional en empresas e laboratorios de distintos sectores onde cumpra realizar ensaios e análises en campos como os de plantas piloto, laboratorios de control de calidade, plantas de tratamento de augas, de investigación e desenvolvemento, e laboratorios en xeral. Así, unha vez rematados os estudos, o alumno será quen de organizar e supervisar a actividade do laboratorio, desenvolvendo e aplicando técnicas de ensaio e análises físicas, químicas ou



microbiolóxicas sobre materias primas e produtos químicos ou alimentarios, orientados á investigación, á análise ou ao control da calidade.

Os alumnos que realicen estes estudos deberán completar 1.540 horas de formación no centro educativo e 380 de prácticas en centros de traballo. Os módulos que se impartirán no centro educativo permitiránlles aos alumnos adquirir coñecementos de ensaios físicos (160 horas), de análises química e instrumental (400 horas), de análises microbiolóxicas (160 horas), de seguridade e ambiente químico no laboratorio (105 horas), de organización e xestión do laboratorio (165 horas), e de técnicas analíticas integradas (365 horas). Así mesmo, os alumnos deberán cursar dous módulos, de 55 horas de duración cada un, de formación e orientación laboral e de relacións no contorno. Ademais, os estudantes deste ciclo formativo realizarán un proxecto integrado, para o que contarán con 75 horas lectivas.

O módulo de formación en centros de traballo, cunha duración de 380 horas, capacitará os alumnos para actuar con criterios de seguridade e hixiene nas súas actividades no posto de traballo, responder adecuadamente en condicións de emerxencia e planificar as actuacións para levar a cabo o control de calidade de acordo coa normativa vixente. Unha vez realizado este módulo, os alumnos disporán da formación necesaria para a realización, de xeito autónomo, do control de calidade de produtos químicos ou de alimentos, tanto en proceso como de produtos finais.

Técnico superior en realización e plans de obra

O Consello da Xunta tamén aprobou, na súa xuntanza desta mañá, o decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en realización e plans de obra, co que se pretende facilitar a formación de especialistas coa cualificación axeitada para intervir na execución de obras civís e de edificación, organizando os traballos, realizando o seguimento da planificación, materializando os replanteos e comprobando a aplicación do plan de seguridade.

Os estudos deste ciclo formativo distribúense en nove módulos estruturados nun total de 1.700 horas (910 de formación no centro educativo, 740 de formación en centros de traballo, e 50 de libre disposición do centro). Así, os módulos que se impartirán no centro educativo versarán sobre a organización de traballos de obra (290 horas), os plans de seguridade na construción (110 horas), os plans e replanteos de obra (130 e 110 horas, respectivamente), e a administración, xestión e comercialización na pequena empresa (80 horas). Por outra banda, os estudantes deste ciclo formativo deberán cursar dous módulos, de 55 horas cada un, sobre relacións no contorno de traballo e formación e orientación laboral. Por último, elaborarán un proxecto integrado que está recollido nun módulo de 80 horas.



Por último, durante as 740 horas que deberán completar en centros de traballo adaptaranse ás funcións propias da empresa, ao tempo que afrontarán as tarefas de aplicación e seguimento da planificación da obra; de participación nos replanteos e nas nivelacións; de organización, supervisión e control do traballo de obra; de control e calidade dos materiais empregados; e de planificación e seguimento da seguridade da obra, todo isto con progresiva autonomía, organización e iniciativa no traballo.



APROBADA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o órgano da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións para a protección e conservación da natureza, tal e como están establecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible está composta, ademais de polo conselleiro, Manuel Vázquez, por unha Secretaría Xeral, tres direccións xerais (Conservación da Natureza, Calidade e Avaliación Ambiental e Desenvolvemento Sostible), catro delegacións provinciais así como distintos órganos colexiados, como o Consello Galego de Medio Ambiente, o Comité Galego de Pesca Fluvial e o Comité Galego de Caza. Están tamén adscritos a esta consellería o organismo autónomo Augas de Galicia e o Ente Público Obras e Servizos Hidráulicos.

A Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, que dirixe Xurxo Santiso, exerce, ademais da xestión orzamentaria, de contratación, de persoal e de coordinación administrativa deste departamento da Xunta, as funcións de supervisión e inspección de proxectos, obras e servizos así como o servizo xurídico.

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza, con Xosé Benito Reza á fronte, executa as competencias e funcións en materia de protección, conservación, restauración, mellora, recuperación e divulgación dos recursos naturais, cinexéticos e piscícolas. Xestiona, entre outros cometidos, os hábitats naturais de Galicia, e en especial a rede galega de espazos protexidos e a Rede Natura 2000, así como a flora e fauna silvestres.

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da cal é titular Joaquín Buergo, exercer pola súa banda as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que provoque toda actividade humana sobre o ambiente. É competencia deste departamento o desenvolvemento e posta en marcha de sistemas e estratexias para corrixir a devandita incidencia e lograr unha axeitada protección ambiental. Esta dirección integra, entre outros servizos e unidades, o de control da xestión dos residuos en Galicia e o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, encargado do control da calidade ambiental, e en especial a do aire.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, que dirixe Emilio Fernández, ten por principal función a de promover o desenvolvemento sustentable da sociedade galega, fomentar a participación cidadá na defensa e protección do medio con



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

políticas de información e formación. Impulsa tamén a investigación ambiental. O novo Centro de Investigación e Información Ambiental de Galicia, con sede principal en Lourizán (Pontevedra) e con rango de subdirección xeral, depende organicamente desta dirección da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.



O PLAN DE SEGURIDADE VIARIA COORDINARÁ DE XEITO INTEGRAL TÓDALAS INICIATIVAS DESTINADAS Á REDUCION DA SINISTRALIDADE

- *A conselleira de Política Territorial presenta no Consello da Xunta as bases deste futuro Plan*

O futuro Plan Galego de Seguridade Viaria abordará de xeito integral tódalas iniciativas destinadas a atallar a problemática da sinistralidade nas estradas desta Comunidade, coordinando as diferentes actuacións que se desenvolven en materia de prevención e atención dos accidentes de tráfico.

As bases sobre as que se asentará este Plan foron expostas hoxe ante o Consello da Xunta pola titular de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, ao tempo que comezou a perfilarse a participación das diferentes consellerías cuxas competencias gardan relación cos aspectos vinculados á seguridade viaria.

O Plan de Seguridade Viaria terá como eixes principais a prevención, a redución do número e gravidade dos accidentes, a mellora da resposta nos sinistros, e a vixilancia control e sanción.

As accións en materia de prevención centraranse na formación e información, con políticas educativas e de concienciación cidadá.

De cara a reducir a cantidade e a gravidade dos accidentes, a CPTOPT actuará na eliminación dos denominados Tramos de Concentración de Accidentes (TCA) e na conservación e mantemento das estradas da rede autonómica. Ambas liñas de actuación experimentan este ano un importante incremento orzamentario.

Por outra parte pretendese lograr unha redución dos tempos de espera nos accidentes, canto a asistencia sanitaria, de Protección Civil, bombeiros, a fin de reducir os danos dos feridos.

Un cuarto pilar deste Plan está constituído polo sistema de vixilancia, control e sanción das infraccións de tráfico.

Respecto a este último punto, a conselleira informou da solicitude cursada ao Delegado do Goberno en Galicia para que se incrementen os medios técnicos e humanos de vixilancia nas estradas galegas, así como para a creación da Comisión galega de Tráfico e Seguridade da Circulación Viaria, que permitirá determinar as necesidades en materia de control nas catro provincias, así como establecer uns



criterios e uns obxectivos homoxéneos a seguir polas Administracións no referido á seguridade nas estradas galegas.

Balance de sinistros

Na súa intervención no Consello da Xunta, María José Caride ofreceu as cifras sobre o número de sinistros que se produciron en Galicia no último ano. En 2005 rexistráronse nas vías galegas un total de 249 accidentes mortais e o número de persoas que perderon a vida ascendeu a 286, dos que 50 foron peóns.

ACCIDENTES ANO 2005		
Accidentes mortais	A Coruña	96
	Lugo	47
	Ourense	35
	Pontevedra	71
	TOTAL	249
Vítimas mortais	A Coruña	115
	Lugo	55
	Ourense	37
	Pontevedra	79
	TOTAL	286